

PALITROQUES

G.G-ECHAVE, VÍCTOR

Arquitecto

TALLERES DE ARQUITECTURA E XEOMETRÍA APLICADA

Palitroques está baseado nun sistema construtivo de barras e unións, o que permite unha montaxe fácil e rápida de formas e volumes de gran tamaño.



Figura 1. Formas creadas cos materiais de Palitroques

O desenvolvemento do taller ten un formato de xogo en equipo, no cal hai que ir superando diversos retos coma se se tratase dunha **yincana construtiva**. Deste xeito, o obradoiro adquire un carácter lúdico no que os planos se transforman nas instrucións e pistas precisas para poder resolver todos os problemas que van atopando.

Obxectivos do obradoiro:

- Aprender de Enxeñería e Arquitectura, campos multidisciplinares que conteñen materiais transversais como a tecnoloxía, a arte e a historia.
- Coñecer unha forma dinámica e divertida de construír os polígonos e poliedros básicos, ademais dos fundamentos das estruturas trianguladas.
- Levar a práctica todos os contidos construíndo de xeito cooperativo as figuras a grande escala e así poder entrar e observalas dende dentro.
- Aplicar a metodoloxía aprendida con fins didácticos e prácticos para levar a cabo na aula de calquera materia relacionada, matemáticas, física, química, bioloxía ou tecnoloxía.



Figura 2. Montaxe de figuras e estruturas